

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González.

D. Alfonso Carril Guerra.

D^a. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D^a María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D^a Vanessa Quintela Pedreira.

D^a Evangelina María Orois Conde.

D^a. Begoña Balado Conde.

D. José Ignacio García Couso.

Secretario:

D. Juan Colmenares López Soldado.

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández.

ACTA

En Arzúa, 28 de agosto de 2015.

Sendo as 20:10 horas reúnense no Salón de Sesiões da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 13 DE XULLO DE 2015.

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con

respecto á acta de dita sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º) DECIDIR SOBRE AS ASIGNACIÓNS QUE PERCIBIRÁN OS GRUPOS POLÍTICOS REPRESENTADOS NA CORPORACIÓN LOCAL.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 25 de agosto de 2015; no seguinte sentido:

“Pola presidenta da Comisión informativa para Asuntos do Pleno, Sra. Varela Duro (de A.A) expónse que teñen varias propostas; como serían a de 175 euros, a de

200 euros ou a de 300 euros de compoñente fixo para cada un dos tres grupos políticos, cun compoñente variable de 10 euros por cada membro integrante deses grupos.

A continuación interviñeron os seguintes concelleiros:

** A Sra. Balado Conde (do PSdG PSOE) para exponer que os perxudicados van ser os dous integrantes do grupo mixto, porque se se acorda a asignación de 200 euros, teñen que dividirse entre dous, cando resulta que van a ter os mesmos gastos que o grupo do Partido Popular; polo que propón que a asignación aos grupos políticos quede como estaba na Corporación anterior, ou que se conceda un local a cada grupo político nalgunha das instalacións do Concello, para non ter que pagar un aluguer.*

** O Sr. García Couso (de CxG) para preguntar á presidenta Sra. Varela Duro de dónde procedían as propostas que lera, respondendo ésta que as confeccionara o equipo de goberno.*

Manifestando seguidamente o Sr. García Couso que apoiaba en parte a proposta da Sra. Balado Conde, en canto á asignación dun local por parte do Concello; pero –en canto á parte económica- estará conforme con calquera que sexa a asignación que se acorde.

** O Sr. García Rodríguez (do P.P.) para expresar que o máis lóxico para él sería ter un local cedido, porque entón sobrarían as asignacións económicas; e nese sentido considera que o Concello podería alugar un piso amplo, ao mellor por 300 euros ao mes, e asignar unha habitación dese piso a cada grupo político para ser destinada a oficina.*

** Intervén novamente a presidenta desta comisión informativa, Sra. Varela Duro, para manifestar:*

-Que no edificio multiusos de Arzúa, sería moi difícil que se puidera dispoñer dalgún local libre, se temos en conta a utilización que se vén facendo deses locais para feiras, aula de adultos, conferencias do Centro de Información á Muller, etc...

- Que é a primeira vez que alguén propón que se alugue un piso para destinar as súas dependencias a oficina dos grupos políticos.

- Que dentro das tres opcións que se podían contemplar, en canto á asignación aos grupos políticos, considera:

• Que a que había de 300 euros é demasiado, e non a contempla como alternativa.

• Que as outras opcións serían: a de 175 euros como asignación fixa e 10 euros por concelleiro (o cal supón un gasto ao ano de 7.860 euros) e a de 200 euros como asignación fixa e 10 euros por concelleiro (o cal supón 8.760 euros ao ano).

** Intervén tamén o Sr. García Rodríguez (do PP) para plantexar a posibilidade de non cobrar nada e destinar a asuntos sociais a cantidade que se prevé asignar ao grupo político.*

Pregunta o Sr. García Rodríguez ao secretario sobre se iso sería posible; respondendo dito funcionario que esta cuestión terían que plantexala os catro integrantes do grupo político do PP, e para que puidera levarse a cabo sería necesario que renunciasesen os catro concelleiros do grupo político á asignación acordada polo Pleno que lles correspondese.

Preguntado tamén o secretario sobre o destino que debe darse ás asignacións económicas, informou:

• Que o artigo 73 nº 1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dispón que a asignación aos grupos políticos dunha dotación económica, que debe acordar o Pleno do Concello, non pode ser destinada ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial, e

• Que, se ben o artigo 27 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispón que, na medida das posibilidades funcionais da organización administrativa da entidade local, os diversos grupos políticos disporán na sede da mesma dun despacho local para reunirse e recibir visitas de cidadáns, dificilmente se poderá asignar ningún local da Casa Consistorial a eses fins, ao estar todos ocupados.

Á vista de todo o exposto, a presidenta desta Comisión Informativa decidiu someter a votación unicamente a proposta de asignación económica aos grupos políticos, de 200 euros como compoñente fixo para cada grupo político e 10 euros de compoñente variable por cada membro que integra eses grupos.

Adoptándose –por unanimidade dos oito membros asistentes (4 de AxA, 2 do P.P., 1 do PSdG-PSOE e 1 de CxG)- o acordo de mostrar conformidade con esta proposta, e propoñer a súa aprobación polo Pleno do Concello.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. García Couso (de CxG) para expresar:

- Que mantense na postura que expuxera na sesión da Comisión informativa, pero segue insistindo en que se podía dispoñer dun local por parte de cada grupo político, o cal evitaría o custo que terá que facer o Concello polas asignacións aos grupos políticos.

- Que en canto ás asignacións que se propoñan válelle calquera.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar que aínda que, coa proposta realizada pola Comisión informativa para Asuntos do Pleno, vai saír perxudicando o PSdeG-PSOE, ela vai votar a favor.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que o grupo político do Partido Popular apoia a proposta aprobada na sesión da Comisión informativa para Asuntos do Pleno.

* Da Sra. Varela Duro (AxA) para expoñer:

- Que o grupo político de Alternativa por Arzúa non vai variar a proposta que resultou aprobada na sesión da Comisión informativa para Asuntos do Pleno, porque a asignación mensuaal que había de 300 euros na Corporación Local anterior, para cada grupo político, lle parece excesiva e desproporcionada; por eso inclinamonos mais por un termo medio, que foi a proposta aprobada.

-Que, respecto á asignación dun local aos grupos políticos, a disponibilidad de locais, neste momento –para ese fin- é moi escasa, pola cantidade de actividades que se están realizando, como se dixo na sesión da Comisión informativa.

En consecuencia con todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria a proposta de acordo aprobada pola Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 25 de agosto de 2015;

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros que integran esta Corporación Local- os acordos seguintes:

Primeiro.- Aprobar a proposta da Comisión informativa, consistente nunha asignación mensual, que consistira: en 200 euros de componente fixo, para cada un dos tres grupos políticos representados nesta Corporación Local e en 10 euros de componente variable, por cada membro integrante deses tres grupos políticos.

Segundo.- Dar traslado dunha certificación deste acordo á Intervención e á Tesourería, para debida constancia e aos efectos procedentes.

Punto 3º) DESIGNACIÓN DOS DOUS DÍAS QUE SE CONSIDERARÁN FESTIVOS LOCAIS NESTE MUNICIPIO PARA O ANO 2016.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 25 de agosto de 2015; no seguinte sentido:

“A presidenta da Comisión informativa para Asuntos do Pleno, Sra. Varela Duro (de AxA), manifesta que, como un dos días que se ven acordando cada ano como festivo local é o día 16 de xullo (festividade da virxe do Carmen), e outro dos días que poidera designarse xa foi designado festivo no ámbito da Comunidade Autónoma, e se da tamén a circunstancia de que -o Martes de Entroido- xa vén sendo festivo pola tarde; propón que este asunto quede pendente sobre a mesa, para ser resolto na sesión que terá que celebrar o Pleno do Concello o próximo venres, para así ter máis marxen de tempo para buscar outros días que poidan ser considerados como festivos locais para o vindeiro ano.”

Sendo sometida a votación ordinaria a proposta da Sra. Varela Duro; por unanimidade dos oito membros asistentes (4 de AxA, 2 do P.P., 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG) adoptouse o acordo de deixar este asunto pendente, e realizar no acto da sesión plenaria do vindeiro venres as propostas sobre os dous días que terán que ser considerados festivo locais no ano 2016.”

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

* Do Sr. García Couso (de CxG) para expresar que, como o día 16 de xullo (festividade da Virxe do Carme) coincide cun sábado, propón que se designe o día anterior 15 de xullo (venres).

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para propoñer a designación do Martes de Entroido, aínda que non se traballe pola tarde, ou o Luns de Pascua, ou o día seguinte ao da Festa do Queixo.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para indicar que aceptaría a proposta que se considere máis oportuna.

* Da Sra. Varela Duro (de AxA) para propoñer como festivos os seguintes días: o día seguinte ao da celebración da Festa do Queixo e o Martes de Entroido.

* Da Sra. Orois Conde (do PP) para propoñer que un dos dous días festivos sexa o día 5 de xaneiro (martes) pensando nos nenos, por ter lugar nese día a Cabalgata de Reis.

Tendo en conta as propostas indicadas, o Sr. alcalde decidiu abrir outra rolda de debate, para poder coñecer cales serían os dous días que terían maior aceptación; e así:

* O Sr. García Couso (do CxG) manifestou que mantiña a súa proposta do día 15 de xullo, porque é un venres e permitirá facer unha mellor preparación da festa que se celebra ao día seguinte; e porque sempre se tivo en conta a festividade da Virxe do Carme para a designación dun dos días festivos locais.

* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) manifestou que o día 15 xullo lle parece unha boa idea, e que tamén podería ser o Luns de Pascua ou o Martes de Entroido.

* O Sr. García Rodríguez (do PP) manifestou que lle parece ben a designación do día 15 de xullo como festivo local, e que outro dos días podería ser o luns seguinte ao da Festa do Queixo.

* A Sra. Varela Duro (de AxA) manifestou que a súa postura era a favor do Martes de Entroido e do luns seguinte ao da Festa do Queixo.

Considerando o Sr. alcalde que a tendencia maioritaria podía ser a favor do día 15 de xullo (venres) e do Martes de Entroido, decidiu someter a votación eses dous días;

Pronunciándose a favor os trece membros integrantes da Corporación Local; polo que, en consecuencia, quedou acordado:

Primeiro.- A designación como días festivos locais neste termo municipal, para o ano 2016, dos seguintes dous días: O día 15 de xullo (venres), por ser día anterior ao da celebración da festividade da Virxe do Carme e o día 9 de febreiro, por coincidir co

Martes de Entroido; de maneira que ambos días terán o carácter de retribuídos e non recuperables.

Segundo.- Dar traslado dunha certificación deste acordo ao Xefe Territorial de Traballo e Benestar en A Coruña, da Consellería de Traballo e Benestar, para que dispoña a inclusión –no Calendario Laboral do ano 2016- dos dous días que quedaron designados.

Punto 4º) MODIFICACIÓN DO APARTADO I) “RETRIBUCIÓN DO ALCALDE”, DO PUNTO 4º) DA ORDE DO DÍA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE XULLO DE 2015, NOMEADO “RÉXIME RETRIBUTIVO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL”

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 25 de agosto de 2015; no seguinte sentido:

“A presidenta desta Comisión, Sra. Torreiro González, da lectura da seguinte proposta de recoñecemento de alta de afiliación no Réxime Xeral da Seguridade Social e de recoñecemento de atrasos pola adicación exclusiva no cargo de alcalde, que foi elaborada polo Sr. alcalde con data 21 de agosto de 2015:

“Primeiro.- En relación co réxime retributivo dos membros desta Corporación, o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o 13 de xullo de 2015, adoptou o acordo seguinte (referido o cargo da Alcaldía):

“a) Que o alcalde, Don José Luis García López, desempeñe o seu cargo con dedicación exclusiva, fixándolle unha retribución bruta anual de 36.173,90 euros en concepto de salario, a partir do día 15 de xullo de 2015.”

Segundo.- Que o alcalde vén desenvolvendo as súas funcións, en réxime de dedicación exclusiva, dende o día seguinte ao da súa elección, levada a cabo no sesión constitutiva no da Corporación Local, o día 13 de xuño de 2014.

Terceiro.- Visto o establecido no artigo 2º.3 da Orde de 12 de marzo de 1986, do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, sobre alta e cotización ó Réxime Xeral da Seguridade Social dos membros das Corporacións Locais con dedicación exclusiva, que indica:

“O término inicial do prazo previsto no Réxime Xeral para a comunicación da afiliación e ou alta, entenderase referido a data en que os membros das corporacións locais tomen posesión do seu cargo.”

Cuarto.- Tendo en conta o período comprendido entre a data de toma de posesión no cargo de alcalde e a data de referencia a efectos de percepción das súas retribucións (recoñecidas por acordo plenario o día 13 de xullo de 2015).

O alcalde que asina decidiu PROPOÑER ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

a) Determinar a alta a efectos de afiliación no Réxime Xeral da Seguridade Social do alcalde, don José Luis García López, dende o día 14 de xuño de 2.015, que foi o seguinte ao da toma de posesión no seu cargo.

b) Abonar as contías que lle correspondan en concepto de atrasos retributivos por dedicación exclusiva ao cargo no período comprendido entre os días 14 de xuño e 14 de xullo de 2.015, amolos dous incluídos.

c) Comunicar a alta de afiliación e formular as liquidacións complementarias correspondentes de cotización a Tesourería Xeral da Seguridade Social.”

Explica a presidenta da Comisión que a proposta é lóxica, tendo en conta que o alcalde, a diferenza dos concelleiros, continúa exercendo o seu cargo en funcións desde que se celebran as eleccións, e que no Pleno anterior acordouse que o alcalde percibise as súas retribucións a partir do día 15 de xullo de 2015.

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) preguntando si isto é normalmente así, é dicir, si ocorre sempre desta maneira.

Intervén o Sr. García Couso (de CxG) preguntando si no Pleno anterior non se acordou que se aprobaran con carácter retroactivo.

Contesta a presidenta da Comisión que non, que no anterior Pleno houbo un erro e non se acordou que se percibisen con carácter retroactivo, por iso agora hai que corrixilo.

Intervén o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP) manifestando que eles van deixar a decisión sobre este asunto para o Pleno.

Tras o exposto, pola presidenta desta Comisión someteuse este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose por cinco votos a favor -dos catro concelleiros de AxA, (Sra. Torreiro González, Sr. Carril Guerra, Sra. Varela Duro e Sra. Castro Vallo), e da concelleira do PSdeG-PSOE, (Sra. Balado Conde)- e tres abstencións -dos dous concelleiros do P.P., (Sr. Lodeiro Regueiro e Sra. Orois Conde); e do concelleiro de CxG, (Sr. García Couso)- o acordo de informar favorablemente a modificación do apartado I) “Retribucións do alcalde”, do punto 4º da orde do día da sesión celebrada o día 13 de xullo de 2015, nomeado “Réxime retributivo dos membros da Corporación Municipal”.

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

* Da Sr. García Couso (do CxG) para expresar que non participou na sesión do Pleno onde se acordou a retribución do alcalde, e non ten nada que engadir ao que dixo na sesión da Comisión informativa.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar que non ten nada que dicir.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que o grupo político do Partido Popular vai votar a favor.

* Da Sra. Varela Duro (de AxA) para indicar que se remite ao acordado na sesión da Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda.

Tras o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria as tres propostas de acordo que contén a proposta elaborada por el, con data 21 de agosto de 2015, en relación coa súa adicación exclusiva ao cargo;

Adoptándose –por doce votos a favor (7 de AxA, 4 do PP e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención do concelleiro de Compromiso por Galicia- os seguintes acordos:

Primeiro.- Determinar a alta a efectos de afiliación no Réxime Xeral da Seguridade Social do alcalde, don José Luis García López, dende o día 14 de xuño de 2.015, que foi o seguinte ao da toma de posesión no seu cargo.

Segundo.- Abonar as contías que lle correspondan en concepto de atrasos retributivos por dedicación exclusiva ao cargo no período comprendido entre os días 14 de xuño e 14 de xullo de 2.015, amolos dous incluídos.

Terceiro.- Comunicar a alta de afiliación e formular as liquidacións complementarias correspondentes de cotización a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Punto 5º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3/2015.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, en relación con este asunto, na sesión celebrada o día 25 de agosto de 2015; no seguinte sentido:

“A presidenta desta Comisión, Sra. Torreiro González, explica que a finalidade deste expediente é a de empregar o remanente de tesourería para financiar a realización duns investimentos, que teñen o carácter de investimentos financeiramente sostibles. Os gastos que se inclúen nesta modificación son os seguintes:

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Descrición</i>	<i>Importe</i>
<i>161 61900</i>	<i>Abastecemento domicilio de auga. Outras</i>	<i>13.237,64 euros</i>

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Descrición</i>	<i>Importe</i>
	<i>infraestructuras</i>	
PROXECTOS		
INSTALACIÓN DE BOCAS DE REGO EN PUNTOS FINAIS DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA		

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Descrición</i>	<i>Importe</i>
<i>1532 61900</i>	<i>Pavimentacions. Outras infraestructuras</i>	<i>61.387,53 euros</i>
PROXECTOS		
CAMIÑO ESTRADA DE BOSENDE-PAXE (SANTA MARIA) E OUTRO: 14.866,01 euros		
HUMANIZACIÓN RÚA DO NORTE (SANTA MARIA): 46.521,52 euros		

*Explica a presidenta da Comisión que a finalidade do primeiro investimento, **Instalación de bocas de rego em puntos finais da rede de abastecemento de auga**, é a de procurar unha maior calidade da auga e un aforro nos custes de mantemento e conservación, tendo en conta que, de non realizarse as obras, os deterioros da rede serían cada vez maiores, ao non poder realizar correctamente a limpeza das canalizacións.*

*Respecto do segundo investimento, **Camiño estrada de Bosende-Paxe (Santa María)**, explica a presidenta que se trata de levar a cabo a reparación do pavimento e a canalización de pluviais en dous camiños de titularidade municipal xa existentes, que suporán un aforro nos custes de mantemento.*

*Respecto do terceiro dos investimentos contemplados, **Humanización rúa do Norte (Santa María)**, explica a presidenta que se trata de levar a cabo a reparación do pavimento e obras de drenaxe asociadas nunha rúa de titularidade municipal xa existente, que suporá tamén un aforro nos custes de mantemento.*

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que vai deixar a decisión sobre este asunto para a sesión do Pleno.

Intervén o Sr. García Couso (de CxG) para preguntar a canto ascende o importe das actuacións que se van levar a cabo en Santa María.

Contesta a presidenta que en total o importe ascende a 61.387,53 euros.

Intervén o Sr. García Couso (de CxG) para manifestar que él -con respecto ás obras- sempre vai votar a favor, porque sempre son necesarias; que espera que respondan a demandas dos veciños e que se siga un orde para atendelas, así como que se poidan atender tamén as demandas que trasladen os concelleiros ao equipo de goberno.

Pregunta o Sr. García Couso (de CxG) ¿si se ten feito algún contacto, ou algunha xestión coa Consellería para a realización das obras, porque eles dispoñen tamén de fondos para poder investir nas mesmas?

Contesta a presidenta que de momento non se teñen feito esas xestións.

Intervén o Sr. Lodeiro Regueiro (do P.P.) para manifestar que eles van deixar a decisión sobre este asunto para o Pleno.

Tras o exposto, pola presidenta desta Comisión someteuse este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose por cinco votos a favor -dos catro concelleiros de AxA, (Sra. Torreiro González, Sr. Carril Guerra, Sra. Varela Duro e Sra. Castro Vallo), e do concelleiro de CxG, (Sr. García Couso)- e tres abstencións -dos dous concelleiros do P.P., (Sr. Lodeiro Regueiro e Sra. Orois Conde), e da concelleira do PSdeG-PSOE, (Sra. Balado Conde)- o acordo de informar favorablemente o expediente de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito 3/2015.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Do Sr. García Couso (de CxG) para expresar:

- Que vai votar a favor das obras propostas por ser convinte a súa realización; e pide que se teñan en conta todas as demandas de obras e se atendan as máis necesarias.
- Que, como a rúa do Norte coincide cun tramo de estrada da que é titular a Consellería, considera que debería solicitarse tamén unha axuda á Consellería para a execución desta obra.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) manifestar que as tres obras propostas son necesarias, pero que tamén hai outras que habería que realizar.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que estas obras son necesarias, pero que se debería ter un consenso para determinar cales son as que é preciso realizar con máis urxencia.

* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que as tres obras cuxa execución se pretende financiar a través deste expediente son urxentes e necesarias, e xa se explicou na sesión da Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda en que consistía cada unha delas.
- Que o camiño que se vai arranxar foi pedido por todos os grupos políticos.
- Que á vista está que a beirarrúa de Santa María é urxente acometela, polo estado que presenta, por eso non se fixo ningunha petición á Consellería, para evitar alongar máis a súa execución.

Tras todo o exposto o alcalde someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito, coa finalidade de complementar as seguintes aplicacións orzamentarias:

- A 161.619.00 “*Abastecemento domicilio de auga. Outras infraestruturas*”, cun importe de 13.237,64 euros, co obxecto de poder contratar a execución da obra nomeada “**Instalación de bocas de rego en puntos finais da rede de abastecemento de auga**”, por un orzamento total de 13.237,64 euros.

- A 1532.619.00 “*Pavimentacións. Outras infraestruturas*”, cun importe de 61.387,53 euros, co obxecto de poder contratar a execución das obras nomeadas:

- “**Camión estrada de Bosende-Paxe (Santa María) e outro**”, por un orzamento total de 14.866,01 euros (IVE incluído).

- “**Humanización rúa do Norte (Santa María)**”, por un orzamento total de 46.521,52 euros.

E iso, con cargo a unha parte do remanente de tesourería resultante da liquidación do orzamento municipal do pasado exercicio económico, que ascendía a un total de 248.308,40 euros.

Segundo.- Continuar a tramitación do referido expediente, coa súa exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 nº 2 en relación co artigo 169 nº 1, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que –no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de cómo quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón do suplemento de crédito agora aprobado, a efectos de que poida entrar en vigor.

Cuarto.- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, remítase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Punto 6º) MOCIÓN PRESENTADA, EN DATA 6 DE AGOSTO DE 2015, POLO CONCELEIRO DE COMPROMISO POR GALICIA, SR. GARCIA COUSO, EN RELACIÓN COAS OBRAS DO TRAMO ARZÚA-LAVACOLLA DA AUTOVÍA A-54.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con esta moción, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 25 de agosto de 2015; no seguinte sentido:

“Polo Sr. García Couso douse lectura do texto integro desta moción, cuxo contido é o seguinte:

“Nos últimos anos o Ministerio de Fomento, por medio da Demarcación de Carreteras, ven restrinxindo as normas de circulación na N-547 especialmente no tramo que vai de Arzúa a Lavacolla. Primeiro prohibiron moitos dos tramos onde se podía adiantar e xa máis recentemente veñen de limitar a velocidade na maioría do seu recorrido, neste últimos días dotaron de sinais luminosas de perigo por proximidade de peóns nos lugares por onde o Camiño de Santiago cruza esta estrada. En definitiva este tramo de vía convírtese así nunha vía semiurbana de itinerario secundario.

O aumento do tráfico, tamén de vehículos pesados, especialmente por ter inaugurado no mes de marzo deste ano un tramo considerable da A-54, que vai de Guntín ao enlace en Nadela coa A-6. Todas estas restriccións ás que se fai referencia, nos pouco máis de 20 kms. Dende a vila de Arzúa a Lavacolla, estannos creando grandes incomodidades a todos os usuarios, especialmente aos veciños e veciñas de Arzúa que sen dúbida somos os que máis o utilizamos. Por outro lado as présas ou despistes, pode traernos desagradables sorpresas.

Non entramos a valorar estas medidas de seguridade e somos coñecedores da problemática dos peregrinos neste tramo e o seu incremento constante. En cambio, parece que Fomento actúa neste recorrido de vía como se houbera un itinerario alternativo de vía de alta capacidade, cousa que neste momento non é así, nin sabemos cando terá rematado o tramo da A-54 Labacolla Arzúa. Sí sabemos que nos orzamentos xerais do Estado do ano en curso destináronse a este tramo 19.280 euros, o que non temos tan claro é se se van a executar, cousa que sería máis grave.

O que sí sabemos tamén é que nos tramos antes citados, que se inauguraron no mes de marzo, as partidas destinadas eran de 24 millóns para este ano, e non só non están executados se non que os 23 kms. aos que se fai referencia xa están en servizo, e xa están anunciando que antes de rematar este ano inaugurarán os 14,9 kms. Palas de Rei-Guntín.

A pregunta que nos facemos é sinxela. Porque eses 37,9 Kms. da provincia de Lugo, xa están practicamente rematados e os 18,5 kms. de Lavacolla-Arzúa non sabemos cando se van rematar?

Non será que aquí non nos preocupamos en absoluto destes temas? Que nos coñezamos, neste últimos catro anos, o concello non tomou ningunha iniciativa para que se axilizaran as obras e poder así rematalas o antes posible.

En base ao exposto, proponse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º Instar ao Ministerio de Fomento que para o ano 2016 dote a partida correspondente nos Orzamentos Xerais do Estado, para que as obras da A-54 no tramo Arzúa-Lavacolla sexan rematadas en todo caso neste mesmo ano, así como que se execute todo o destinado para o ano 2015.

2º Remitir esta moción a todos os grupos políticos do congreso dos deputados que nas súas filas teñan representantes por Galicia.”

Engade o Sr. García Couso que non cuestiona para nada as actuacións realizadas para mellorar a seguridade, pero si miramos outros casos como o traxecto de Santiago-Padrón ou outros arredores da periferia de Santiago, observamos que sempre se toman esas medidas cando existen vías de máis alta capacidade. Sin eses accesos a xente pasará de largo e perderemos a posibilidade de que se xenere un maior beneficio para Arzúa; por eso pedimos que se rematen as obras do tramo Arzúa-Lavacolla no vindeiro ano, para así dar máis accesibilidade a Arzúa.

A continuación realizáronse as seguintes intervencións:

** Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que as mesmas sinais limitativas que hai no tramo de Arzúa-Lavacolla, tamén as hai no tramo de Arzúa-Melide; e ela considera que esas sinais hai que poñelas cerca dos sitios por donde pasa o Camiño de Santiago.*

** Do Sr. García Rodríguez (do PP) para manifestar que cando un grupo numeroso de peregríns cruza a estrada, algún deles ten que parar o tráfico, como lle pasou a el cando circulaba pola estrada Arzúa-Santiago; e pregúntase imaxinémonos o que pasaría se por donde cruzan non houbera sinais limitativas de velocidade;*

** Da Sra. Varela Duro (de AxA) para expresar que temos que loitar todos para que se acaben as obras da autovía, e plantexar despois a modificación das sinais cando se poña a funcionar.*

Polo que para poder ter a opinión de todos os concelleiros e ver se procede poñer algún condicionante, propón deixar este asunto pendente ata a sesión do Pleno, e non realizar agora o pronunciamento sobre esta moción.

Manifestando o seu acordo, con esta proposta da Sra. Varela Duro, os oito concelleiros asistentes a esta comisión informativa (4 de AxA, 2 do P.P., 1 do PSdG-PSOE, 1 de CxG).”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

** Do Sr. García Couso (de CxG) para matizar:*

- Que na sesión da Comisión informativa, onde se tratou desta moción, parécelle que se cuestionaba un pouco a sinalización que se colocou, no tramo da estrada nacional que vai desde Arzúa ata Lavacolla, pero considera que pode ser necesaria.

- Que a autovía ten ventaxas e inconvincentes; é necesaria porque supón a mellora da seguridade vial, a posibilidade de achegarse ao aeroporto, a Santiago e a Lugo, e supón unhas expectativas para algunhas empresas; pero tamén ten o inconveniente de que deixa aillados aos lugares por onde discorre, o cal pode producir que a xente pase de largo; pero iso non cuestiona que se deixe de construír.

- Que as obras executaronse nun tramo de Lugo, e parece que ían bastante avanzadas noutro tramo que beneficiaría a Arzúa, coa construción de infraestruturas, pero non ve próxima a inauguración dese tramo.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que o grupo do Partido Socialista no Congreso dos Diputados, por iniciativa do grupo socialista de Arzúa, presentou enmendas aos últimos presupostos do Estado, polo tema da autovía e sobre todo porque un tramo da autovía vai moi atrasado debido á concentración parcelaria na zona de Villantime.

-Que lle parece que é moi importante que o tema da autovía se axilice canto antes, e tamén ten uns inconvintes porque moita xente non vai parar aquí e iso vai a supoñer que Arzúa quede un pouco parada.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para indicar:

- Que desde o grupo político do Partido Popular estamos a favor de que se axilicen as obras do remate da autovía, porque vemoslle máis ventaxas que inconvintes.

-Que se nos movemos e ofrecemos o que temos no noso concello, como turismo, feiras, etc... a xente non vai pasar de largo, porque van ter unha vía máis rápida para chegar aquí, e o comercio vaise a beneficiar.

* Do Sr. alcalde para expoñer:

-Que supón que todos estamos de acordo co exposto na moción, pero o único que vai pedir o grupo político de Alternativa por Arzúa é que se retire o parágrafo da moción no que se di *“Non será que aquí non nos preocupamos en absoluto destes temas? Que nos coñezamos, neste últimos catro anos, o concello non tomou ningunha iniciativa para que se axilizaran as obras e poder así rematalas o antes posible.”*

- Que supón que o concello nestes últimos catro anos non fixo nada distinto, con respecto ao que se fixo neste tema nos últimos dez anos.

- Que todas as veces que tivo a oportunidade de entrevistarse con persoas que levan o tema da autovía, tanto el como outros alcaldes, recibimos repostas non moi precisas, esquivas; e ao final van facer o que eles consideren, e os alcalde non temos máis forza.

- Que hai que valorar o traballo que fixo o técnico do Concello, con respecto a este tema, porque estivo en todo momento entrevistándose coa xente que leva a autovía, para intentar solucionar os problemas que formulaban os veciños; por exemplo estivo na parroquia de Burres e na parroquia de Villantime, para informar onde estaban os pozos de auga que poderían quedar afectados polo trazado da autovía, e estivo no tema das alegacións dos veciños da parroquia de Pastoriza, que despois foron aprobadas.

Entón o concello tamén está facendo o seu traballo.

-Que non vai haber ningún problema en aprobar a moción, pero desde o grupo político de Alternativa por Arzúa preferirían que se suprimise o parágrafo antes indicado.

Aberta outra rolda de debate, emitíronse as seguintes opinións:

*Do Sr. García Couso (de CxG) para expresar:

- Que valoraría o retirar ese parágrafo da moción se se lle indica algo concreto, e non unha entrevista da que non se ten coñecemento nin foi transmitida á prensa.

- Que o que se pretende coa moción é trasladar a preocupación polo motivo que se indica na mesma.

- Que se non hai nada en concreto sobre unha petición por parte do equipo de goberno, que tivera transcendencia o público, mantén a moción nos mesmos termos en que esta redactada.

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que non tiña nada máis que engadir ao indicado na súa intervención anterior.

*Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar que tampouco tiña máis que engadir.

* Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que se houbera algún dato importante, que se sacara dalgunha das entrevistas, dariase a coñecer pero –como dixo- o que recibimos os alcaldes son respostas imprecisas e esquivas, que non dan nada concreto para poder sacar na prensa; e para trasladar algo que non vai a ningún lado, considerao unha perda de tempo.

- Que se realmente o motivo da moción é instar ao Ministerio, non ve motivo ningún polo que non poida ser retirado o parágrafo indicado, non xa por el senón polo traballo que está desempeñando algún dos traballadores do concello.

* Do Sr. García Couso (de CxG) para expoñer:

- Que os acordos da moción son instar ao Ministerio, por parte da Corporación, o remate da autovía.

- Que non se di nada que desminta o que se dixo; refíerese á presión que se pode facer a través dos comunicados de prensa, e non os houbo.

- Que a retirada dese parágrafo non ten ningunha importancia, porque o fondo da moción é a situación que se dá e os acordos que se propoñen; e por tanto mantén a moción.

* Do Sr. alcalde:

- Que o grupo político de Alternativa por Arzúa vase a abster porque, se vira boa intención na moción, o principal serían os acordos que están nela, e non deixar mal a labor do concello, así non habería problema; pero vemos que a intención non é esa ao cen por cen.

- Que xa veremos como facer chegar doutra maneira a nosa opinión e peticións, tanto ao Ministerio de Fomento, como se o consideramos oportuno aos grupos parlamentarios.

- Que no é o seu estilo saír na prensa dicindo algo, cando non hai nada que dicir, porque non hai ningunha promesa que nos fagan en canto a datos sobre o remate da construción dese tramo.

- Que non ten moi claro cales son as presións que se fixéron en anos anteriores, e o que está claro é que non deron resultado ningún.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria a aprobación ou non da moción obxecto de debate, nos termos en que foi redactada.

Pronunciándose a favor do seu contido o concelleiro de Compromiso por Galicia e a concelleira do PSdeG-PSOE, e absténdose os once concelleiros restantes (7 de Alternativa por Arzúa e 4 do Partido Popular).

Polo que, en consecuencia, quedaron adoptados os seguintes acordos:

Primeiro.- Instar ao Ministerio de Fomento que para o ano 2016 dote a partida correspondente nos orzamentos xerais do Estado, para que as obras da A-54 -no tramo Arzúa-Lavacolla- sexan rematadas en todo caso neste mesmo ano, así como que se execute todo o destinado para o ano 2015.

Segundo.- Remitir esta moción a todos os grupos políticos do Congreso dos Deputados, que nas súas filas teñan representantes por Galicia.

Punto 7º) MOCIÓN PRESENTADA, EN DATA 9 DE XULLO DE 2015, POLO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, EN DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO.

Polo secretario dáse lectura do ditame emitido, en relación con dita moción, pola Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 25 de agosto de 2015; no seguinte sentido:

“Pola presidenta da Comisión informativa para Asuntos do Pleno, Sra. Varela Duro (de A.A) indícase que apoiamos todo o que se di nesa moción, por razón do deterioro do agro e da agresión que están sufrindo os gandeiros.

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que a ela tamén lle facilitou o partido outra moción en senso similar, e se non a presentou é porque considera que debería redactarse unha moción conxunta de todos os grupos políticos en defensa do sector lácteo galego.

Sendo asumido o contido desta moción por todos os integrantes desta Comisión informativa, a Sra. Presidenta decidiu someter a votación ordinaria as propostas de acordo que contén.

Adoptándose -por unanimidade dos oito membros asistentes (4 de AxA, 2 do P.P., 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG)- o acordo de proponer ao Pleno do Concello a adopción dos catro acordos que recolle a devandita moción”.

Deseguido o Sr. alcalde considerou procedente dar lectura de dita moción, cuxo texto é o seguinte:

“A situación do sector lácteo en Galicia, a día de hoxe, pódese cualificar de dramática. Após o inicio desta campaña, a primeira logo da desaparición das cotas lácteas e en que a produción fica totalmente liberalizada, a situación de Galicia estase volvendo absolutamente insostible para as explotacións.

A ausencia de adopción de medidas e de decisións políticas, por parte do Goberno Galego e do Estado, para preparar ao sector para poder competir neste novo escenario, está provocando consecuencias desastrosas.

Levamos varios meses de caídas continuadas dos prezos en orixe, que obrigan ás explotacións a vender o seu produto por debaixo dos custos de produción e afrontando importantes perdas. Esta situación deriva da nula capacidade de negociación para os e as gandeiras que se ven sometidas aos ditados das grandes multinacionais da industria que, como xa denunciou mesmo o Tribunal da Competencia, estableceron un complot para provocar esa baixada de prezos, sen que o Goberno mova un dedo para defender o sector ou protexelo ante esta situación.

Esta práctica ten consecuencias especialmente graves en Galicia, onde actualmente xa se están asinando contratos por debaixo dos 20 céntimos.

Por outra banda, xa desde o Bloque Nacionalista Galego, vimos denunciando desde hai meses que, coa liberalización do sector, na práctica as industrias son as que establecen agora as novas cotas á produción, deixando totalmente desvalido o sector produtor. Así mentres no resto do Estado español e da Unión Europea se está a incrementar a produción, en Galicia estanse establecendo mecanismos de restrición. As industrias son as que determinan, canto, cando e onde se pode producir leite. Esta dinámica vese ademais reforzada pola falta de acción e intervención dos gobernos galego e estatal, que fican impasibles a pesar da gravidade da situación que pode condicionar non só o presente do sector, senón o seu futuro e viabilidade a longo prazo.

As consecuencias máis graves deste feito comenzáronse a percibir, de forma máis estendida, nos últimos días. Tanto algunha industria como algúns primeiros compradores deciden unilateralmente, sen previo aviso e incumprindo os contratos asinados, que deixan leite sen recoller nas explotacións. Isto provoca, obviamente, unha situación terrible por tratarse dun produto perecedeiro que está obrigando, en moitos casos, a tirar o leite, xa que existen mesmo dificultades para atopar quen llo recolla case que “regalado”.

De se manter esta situación durante máis días pode acabar por ser irreversible para moitas explotacións que, en moitos casos, levan meses botando man dos aforros para poder manter a produción neste contexto de prezos.

O sector lácteo é a columna vertebral da economía rural, mesmo da persistencia de vida no rural en moitas comarcas. Non podemos consentir que peche nin unha explotación máis.

Non podemos seguir agardando, vendo como se esfarela un sector punteiro e viable, sen que se tomen decisións urxentes para atallar a situación.

Por estas razóns, desde o Bloque Nacionalista Galego de Arzúa, instamos á corporación municipal a que someta a debate a aprobación polo pleno do Concello esta moción, proponendo a adopción dos seguintes acordos:

1.- O Concello de Arzúa comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.

2.- Instar ao Goberno Galego e ao Goberno do Estado, a fin de que a través de todos os mecanismos de que dispoñan, apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.

3.- Instar ao Goberno Galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción, para o cal se adoptarán as seguintes medidas:

a) Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a Administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.

b) Establecer, neste ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.

c) Reclamar a modificación do Real Decreto 125/2015, coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industrias das condicións contractuais; mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.

4. Urxir ao Goberno Galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencia, e instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de dumping nas grandes áreas de distribución, evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas”.

Tras a anterior lectura, o alcalde informou que non se incluíra esta moción na Orde do día da anterior sesión que celebrou o Pleno do Concello, porque dita sesión foi a seguinte á sesión constitutiva da Corporación Municipal, e a celebración desa sesión está prevista para adoptar determinados acordos; pero quere dicir que o grupo político de Alternativa por Arzúa está de acordo co expresado en dita moción.

Abrindo seguidamente unha rolda de debate, no que se imitiron as seguintes opinións:

* Do Sr. García Couso (de CxG) para expresar o seguinte:

- Que, no tema da leite, cando as cousas van ben, non van tan ben como noutros sitios, e cando as cousas van mal, resulta que van peor.

- Que existen medios para facer mais competitivo ao sector, e iso tamén lle compete aos gobernos.

- Que proxectos como un grupo lácteo galego nunca tivo o apoio suficiente, incluso cando parecía que se ía a producir, rexeitouse ou anulouse o que nos tocou de cerca, como era o de embotellado e venda.

-Que o gobernos teñen responsabilidades, aínda que haxa temas que teñen difícil solución, e considera que se debe seguir de forma continua na defensa deste sector e na creación de medios para facelo máis potente.

-Que pediría que os responsables políticos mantiveramos unha preocupación, para poñernos ao nivel doutras Comunidades Autónomas, que cando as cousas van ben son moito mellor que aquí e cando van mal aguantan mellor que aquí, como é o caso da Comunidade Asturiana.

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que non ten nada que engadir, xa que a moción está bastante completa; polo tanto vai votar a favor, porque o sector lácteo é o motor da economía de Galicia e de Arzúa.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para expresar:

- Que tempouco temos moito que dicir, se hai un 30 por 100 da xente que morre de fame, e outro 30 por 100 parece que tamén se quere que morra coa fame, porque non lles deixan producir. E isto é algo que non se acaba de entender, ¿Cómo é que, coa necesidade que hai de alimento no mundo, non se está potenciado aos que producen alimentos?

- Que habería que quitar aos intermediarios, que son os que realmente se lucran con esto.

- Que instamos al gobierno, para que ponga manos en el asunto y que filtre un poco las responsabilidades de cada parte del sector de la cadena de producción.

* Da Sra. Varela Duro (do AxA) para expresar:

- Que o grupo político de Alternativa por Arzúa apoia sen ningún tipo de cuestionamento a moción.

- Que o problema vén de atrás, xa pasou por outro goberno estatal, e os dous grandes partidos políticos: o Partido Socialista e o Partido Popular seguen ignorando e deixando este sector en aras da sorte. Ter que vender o leite por debaixo do custo de produción é unha cousa dramática.

- Que nos corresponde seguir loitando desde o goberno de Arzúa e desde a Corporación Municipal e aunar forzas para que este sector non caia, porque estamos nunha zona neurálxica con respecto ao tema do leite. E é bastante triste que aquí pase o que está pasando, como foi o sucedido coa Cooperativa.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria as catro propostas de acordo que contén esta moción.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros que integran esta Corporación Municipal (7 de AxA, 4 do P.P., 1 do PSdeG-PSOE e 1 de CxG) os acordos seguintes:

Primeiro.- Comprometerse firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.

Segundo.- Instar ao Goberno Galego e ao Goberno do Estado a fin de que, a través de todos os mecanismos de que dispoñan, apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.

Terceiro.- Instar ao Goberno Galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción, para o cal se adoptarán as seguintes medidas:

a) Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a Administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.

b) Establecer, neste ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.

c) Reclamar a modificación do Real Decreto 125/2015, coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industrias das condicións contractuais; mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.

Cuarto.- Urxir ao Goberno Galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de dumping nas grandes áreas de distribución, evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL.

Punto 1º) DAR CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NA SÚA SESIÓN CONSTITUTIVA CELEBRADA O DÍA 30 DE XULLO DE 2015, E DECIDIR SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS QUE CELEBRARÁ DITO ÓRGANO.

Polo secretario dáse lectura de dito acordo, cuxo contido é o seguinte:

“Punto 1º) Constitución da Xunta de Goberno Local.

En relación con este asunto, polo secretario:

I) Douse lectura dos dous Decretos ditados pola Alcaldía, con data 8 de xullo de 2015, dos cales douse conta ao Pleno na sesión celebrada o día 13 do presente mes:

Un, sobre designación dos catro concelleiros que, xuntamente co alcalde, integraran a Xunta de Goberno Local; e que ostentarán ademais a condición de tenentes de alcalde, polo orde do seu nomeamento, e

Outro, sobre as atribucións que o alcalde decidiu delegar neste órgano colexiado.

II) Informouse de que esa designación, como membro da Xunta de Goberno Local e conseguinte delegación de atribucións, quedaron aceptadas tacitamente, por canto que ningún dos concelleiros designados efectuou manifestación en contrario nin cando coñeceron da súa designación nin despois da notificación de ditos decretos.

Por razón de todo o exposto, e tendo en conta que para a válida constitución desta Xunta de Goberno Local precisase a asistencia de a lo menos tres dos seus membros –que representarían a maioría absoluta dos seus compoñentes- dándose a circunstancia de que estaban presentes todos os seus compoñentes, polo alcalde declarouse constituída a Xunta de Goberno Local, que se rexirá:

a) En canto ao seu réxime de sesións.- Polo aprobado a través do artigo 37 do Regulamento Orgánico Municipal.

b) En canto ao seu funcionamento.- Polo aprobado a través do artigo 80 do mesmo Regulamento Orgánico Municipal.

III) Informouse que o Regulamento Orgánico Municipal, no seu artigo 79, referido ao réxime de sesións da Xunta de Goberno Local dispón:

• No seu número 1.- Que “as sesións da Xunta de Goberno Local poderan ser:

a) Ordinarias deliberantes de asistencia ao alcalde.

b) Ordinarias decisorias

c) Extraordinarias

d) Extraordinarias de carácter urxente”

• No número 2.- Que “as sesións ordinarias celebraranse coa perioricidade determinada polo Pleno do Concello”.

Polo que, en consecuencia, ata que o Pleno acorde a perioricidade con que a Xunta de Goberno Local celebrara a sesións ordinarias, este órgano só poderá celebrar sesións extraordinarias.

En consecuencia con canto quedou exposto, por unanimidade dos cinco membros asistentes, adoptáronse os seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar constituída a Xunta de Goberno Local, cos concelleiros que foron designados polo Sr. alcalde, a través do decreto ditado o día 8 de xullo e coas atribucións delegadas polo alcalde, a través doutro decreto desa mesma data; e iso sen prexuízo das atribucións que poidera delegarlle no futuro o Pleno do Concello, e sen

prexuízo tamén das atribucións que expresamente lle asignen as leis, e da súa atribución propia e indelegable de asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións.

Segundo. - Concretar:

a) Que a periodicidade das sesións ordinarias que celebrará a Xunta de Goberno Local será determinada polo Pleno na vindeira sesión que celebre.

b) Que as sesións extraordinarias celebraranse cando o requira a conveniencia ou a urxencia dos asuntos a tratar.

Terceiro. - *Que en canto ao non previsto no Regulamento Orgánico Municipal, respecto ao funcionamento desta Xunta de Goberno Local, rexirá o disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1986 de 28 de novembro.*

Cuarto. - *Dar conta ao Pleno do Concello deste acordo na primeira sesión que celebre.”*

Coñecido o contido do referido acordo e sendo necesario dar cumprimento ao disposto no artigo 79 nº 2 do Regulamento Orgánico Municipal, que dispón que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebraranse coa periodicidade determinada polo Pleno;

Polo secretario informouse que a proposta do grupo político de Alternativa por Arzúa, (*do cal cinco dos seus integrantes forman parte da Xunta de Goberno Local*), e a seguinte: que a Xunta de Goberno Local celebre as súas sesións ordinarias cunha periodicidade aproximada de quince días, os mércores da segunda e da cuarta semana de cada mes; entendendo que se computarán –como primeira e como última semana de cada mes- aquelas que teñan tres ou máis días incluído o primeiro ou o cuarto domingo, segundo a configuración de cada mes.

Considerando os concelleiros dos outros dous grupos políticos que a fixación da periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local tería que ser competencia de dito órgano, e non do Pleno.

Como resulta necesario fixar a periodicidade desas sesións ordinarias; o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a proposta do grupo político de Alternativa por Arzúa;

Adoptándose –por sete votos a favor (de AxA), coa abstención dos seis concelleiros restantes (4 do P.P., 1 do PSdeG-PSOE e 1 de Compromiso por Galicia)- o acordo de fixar as sesións ordinarias que celebrará a Xunta de Goberno Local, para ser celebradas o mércores da segunda e da cuarta semana de cada mes, nas horas que fixe o alcalde; e tendo en conta para o cómputo da semana primeira e da última semana de cada mes o indicado na proposta sometida a votación.

Punto 2º) DAR CONTA DA DESIGNACIÓN DOS CONCELLEIROS DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR, QUE INTEGRARÁN: TANTO A COMISIÓN INFORMATIVA PARA ASUNTOS DO PLENO, COMO A COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, DE ECONOMÍA E FACENDA.

Polo secretario informase que cando na sesión plenaria anterior –celebrada o día 13 do pasado mes de xullo- acordouse a creación das dúas comisións indicadas, así como cal sería o número de concelleiros que integraran cada unha delas, quedaba aprobada tamén a forma en que quedarían adscritos a ditas comisións os concelleiros do grupo político de Alternativa por Arzúa e do grupo político do Partido Popular, posto que os dous concelleiros do grupo mixto formarían parte de ambas comisións, por considerar que representaban a diferentes partidos políticos.

E en canto á adscripción de concelleiros dos grupos políticos de Alternativa por Arzúa e do Partido Popular, prevírase que se non eran designados no mesmo acto da sesión plenaria (como sí fixo o grupo de Alternativa por Arzúa), se podían designar no prazo de tres días hábiles a partir do seguinte ao da celebración de dita sesión. O cal fixo despois o grupo político do Partido Popular, mediante un escrito presentado o día 17 de xullo de 2015 no Rexistro Xeral do Concello (rexistrado de entrada ao número 2.396), polo voceiro do referido grupo político; en cuxo escrito se indica que decidiron designar:

a) Como representantes na Comisión informativa para Asuntos do Pleno e para control da xestión municipal.- A don Jesús García Rodríguez e a dona Evangelina María Orois Conde; sendo suplentes os outros dous concelleiros do mesmo grupo político, e

b) Como representantes na Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda.- A don Alfonso Lodeiro Regueiro e a dona Vanessa Quintela Pedreira; sendo suplentes os outros dous concelleiros do mesmo grupo político.

Tras a lectura de dito escrito; adoptouse –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- o acordo de quedar enterados.

Punto 3º) DAR CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN ESIXIDOS POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Polo secretario indícase que eses informes refírense ao **primeiro** e ao **segundo trimestre** do presente exercicio económico, cuxos informes foron emitidos pola interventora e polo tesoureiro, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “os tesoureiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarian trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurrirán máis de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitarán os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), emitíronse os seguintes informes:

* Un, emitido pola interventora e o tesoureiro, con data 24 de abril de 2015, a través do cal indican que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xaneiro e 31 de marzo de 2015, salvo erro ou omisión involuntario, obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no primeiro trimestre de 2015:

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	357	5
Importe total	603.859,34 euros	20.997,21 euros
Período medio de pago	29,89 días	

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	340	0
Importe total	90.877 euros	0
Período medio de pendiente de pago	11,02 días	

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcurrieron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010).

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

* **Outro**, que foi emitido pola interventora, con data 20 de xullo de 2015, a través do cal indica que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de abril e 30 de xuño de 2015, salvo erro ou omisión, obtense a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no segundo trimestre de 2015:

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	710	4
Importe total	594.498,18 euros	16.040,10 euros
Período medio de pago	37,57 días	

b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do segundo trimestre (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	127	0
Importe total	351.145,04 euros	0 euros
Período medio de pendiente de pago	28,13 días	

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010).

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Quedar enterados da información facilitada a través dos dous informes indicados.

Segundo.- Dar traslado dos informes emitidos, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

Punto 4º) ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde preguntou se se ía formular algún rogo ou pregunta dentro deste punto da Orde do día.

Manifestando a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Balado Conde, que quería formular ao Sr. alcalde as seguintes **PREGUNTAS**:

PRIMEIRA.- ¿Cando se vai a contratar aos profesores para o conservatorio de música de Arzúa e cando van empezar as clases?, posto que os pais preguntan sobre o tema; e ¿por que a estas alturas non se contrataron os profesores?

Responde o alcalde:

- Que a contratación dos profesores do Conservatorio, con respecto ao ano pasado, leva bastante retraso, o cal suporá que este ano o curso non se vaía empezar puntualmente; e iso mais que nada por un cambio na lei, que obriga a publicar as bases da contratación no BOE, no BOP e no DOGA.

- Que houbo un problema, xa que según a lei autonómica había que facer unha publicación no Boletín Oficial do Estado; e sucedeu que o BOE non publica os anuncios que se refiran a contratacións temporais, e houbo que esperar pola emisión de distintos informes, como o da Xunta de Galicia, que foi adiantado por teléfono.

- Que as bases e os anuncios mandaronse esta semana, e publicaranse para a semana.

SEGUNDA.- Que hai incidencias en varias rúas co tema das televisións ¿Qué xestións se estan a facer para solucionar as incidencias que hai en varias rúas co tema das televisións?

Responde o alcalde:

- Que as incidencias que houbo nas rúas se pensa que foi por culpa dunha antena de Movistar, porque andiveron facendo cambios na antena para pasar de 3G a 4G.

- Que a xente a onde primeiro recorre é ao Concello, e nos chamamos a Movistar, e o que pediron e que cada veciño chamara particularmente, pero non sempre recibían resposta.

- Que hoxe fixémonos cun telefono dunha empresa, que está contratada por un Ministerio, para resolver esas incidencias creadas por outra empresa privada.

- Que dende hoxe moitos xa teñen arranxado o problema e outros teñen o número de teléfono da empresa, o cal se comunicou a través de Radio Arzúa, e tamén a policía local comunicouno polas rúas afectadas.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto; levantándose a sesión ás 21.40 h. do indicado día; estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á vindeira sesión. Do que dou fe.